

BENEDICTION

Terence Davies, 2021

961

ESTREA EN NUMAX: 08.07.2022 | V.O.S.E. | +7

O poeta Siegfried Sassoon sobreviviu ao terror da Primeira Guerra Mundial onde foi condecorado pero ao seu regreso converteuse nunha das principais voces contra a guerra. Idolatrado por estrelas do mundo literario e escénico, mantivo relacións con varios homes mentres tentaba aceptar a súa homosexualidade.

«Terence Davies segue a facer filmes dos que xa non se fan (...)
Un biopic que emprega a gramática cinematográfica con elegancia e rigor»

Daniel de Partearroyo, CINEMANÍA



Entrevista con Terence Davies: «Gústanme os outsiders, como Sassoon ou Dickinson, porque eu tamén o son»

Por Dan Bayer

É interesante ollar este filme sabendo que o anterior, Historia dunha paixón (2016) ía tamén dunha poeta, aínda que fose americana e dun século diferente. Trátase dunha etapa túa? Dunha coincidencia? Hai algunha conexión? Non che sei. Encántame Emily Dickinson, creo que é a maior poeta americana do século XIX. Creo que é extraordinaria. Creo que nunca recibiu a consideración merecida. Pola súa banda, Siegfried Sassoon sobreviviu cando outros dous poetas foron asasinados e iso deulles unha caste de santidade. Penso que nunca foi valorado na súa xusta medida porque creo que é un gran poeta e iso atráeme. Gústanme os outsiders porque eu tamén o son. Son un observador da vida en lugar dun participante e iso trae problemas, tróuxollos a Emily e desde logo a Siegfried, mesmo cando el ocupaba unha posición privilexiada dentro dos homosexuais da época. Atráeme a xente que, coma min, buscan que os demais lles digan que pagan a pena. E non creo que o conseguisen, cando menos eu non fun quen.

Sendo un cineasta gay de certa idade sentías certa identificación coa figura de Siegfried. Gústame a poesía e iso foi o que me atraeu. Máis tarde souben que era gay e explorei esa faceta como moitas outras cousas. Pero hai moitos máis aspectos salientables na súa vida. Por exemplo, por que demos quixo facerse católico? Eu crieime no catolicismo, é unha relixión miserable, na que te sentes culpable todo o tempo. Finalmente creo que tanto el coma min buscábamos unha sorte de redención que non existe. A única solución é atoparte a ti mesmo. E creo que iso vale tamén para Emily Dickinson á que ninguén lle dixo en vida que era unha gran poeta. E como podes non ficar abraiado ante versos como: “Porque non me puideron deter ante a morte / amablemente ela detívose ante min”.

Pásache a miúdo que detectas conexións entre os teus filmes só despois de telos rematado? Abofé. Hai unha marabillosa gravación dunhas sinfonías de Vaughn Williams. Ao remate declarou, “non sei se me gusta pero é o que quería facer”. Iso é moi revelador. Só ao remate te decatamos do que quería facer. Ao remate de O longo día remata (1992) unha das miñas sobriñas, que son marabillosas, dixo: “Non sabía que estabas tan só de pequeno”. Eu non me sentía só de pequeno pero si que o estaba e sigo a estar moi só. E pensas, meu deus! Iso é o bo, que outras persoas interpreten o significado dos teus propios filmes de maneiras nas que ti nunca tiñas pensado. A iso debe aspirar a grande arte, a contar con múltiples interpretacións. Tamén hai quen me di que os meus filmes son lentos e aburridos pero aí xa non podo facer nada, non gaño o suficiente diñeiro para pagar un sicario que os elimine (risas).

Vendo Benediction sinto que se está a falar tanto dos personaxe como da época que viviron. Dalgún xeito estabas a retratar a toda unha xeración de homes británicos? Iso agromou no proceso de escrita. O importante era entender que dentro dese círculo social, un círculo social moi privilexiado, existe ese sentimento de non ser parte del. Coido que Emily sentiu o mesmo por diferentes razóns e eu sentín o mesmo. Sempre me sentín igual. Non creo que Emily o aceptase nunca: “Convertémonos naquilo que tememos ser e iso amárgame”. Ese son eu. Siegfried di simplemente: “Gustaríame que me chamasen Siegfried Sassoon”. El só buscaba a validación, o recoñecemento.